

## Primeiros intentos narrativos de Darío Xohán Cabana

*M<sup>a</sup> Teresa Araújo García*

Cando un repasa as diferentes ocasións nas que a nosa crítica literaria se ten ocupado da obra de Darío Xohán Cabana, pode comprobar que os datos que posúe sobre a súa obra son, en moitos casos, bastante incompletos. Isto é un feito chamativo se consideramos que este autor lucense ocupa na actualidade un lugar moi destacado na nosa literatura. Desde a súa aparición na mesma, no ano 1970, con dous libros de poesía, *Verbas a un irmao* e *Home e terra*<sup>1</sup>, Darío Xohán Cabana ten realizado un longo camiño literario e é un dos narradores máis exitosos do panorama actual. Consideremos só dous aspectos da súa traxectoria polos que merecería unha destacada atención da crítica: é o escritor galego con maior número de premios literarios (deixando á parte os innumerables premios que ten recibido a súa poesía, ten gañado en dúas ocasións o Premio Xerais de Novela, no ano 1989 coa súa primeira novela, *Galván en Saor*<sup>2</sup>, e na convocatoria de 1994 con outra novela, *O cervo na torre*<sup>3</sup>), e mantén nos últimos anos un ritmo productivo que ameaza con desbancar o que viña mantendo outro autor lucense como Manuel María.

De entre tódalas perspectivas posibles de análise da súa obra, moveunos o interese por ese «cambio» que se realizou na súa produción da poesía á prosa<sup>4</sup>, en especial polos seus primeiros relatos. Neste punto foi onde comprobamos que a crítica literaria galega amosaba un coñecemento bastante parcial. Fagamos un breve resumo dos datos que ofrece sobre este aspecto. Cando os críticos se ocupan da obra narrativa de Darío Xohán Cabana -tanto para reseñar algunha obra, coma para facer unha análise máis detallada da mesma- divídense en dous grupos:

1. *Verbas a un irmao*, Lugo: Gráficas Breogán, 1970; *Home e terra*, Monforte de Lemos: Xistral, col. Val de Lemos, 5, 1970.

2. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1989.

3. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994.

4. Xa este feito en si, que non é en absoluto exclusivo do noso autor, merecería un demorado estudio da nosa crítica. Nun artigo publicado en *El Correo Gallego* o 14-1-1990, titulado «Novelas e poetas» (e presidido curiosamente polo retrato de Darío Xohán Cabana), Anxo Tarrío Varela reflexionaba sobre o grande número de poetas que nos últimos anos abandonaban o cultivo da poesía para adoptar o da prosa. No artigo facíase un percorrido polas causas e perigos deste fenómeno, por outra parte non descoñecido na nosa literatura.

Aqueles que consideran como a súa primeira obra narrativa a novela *Galván en Saor*, Premio Xerais de Novela 1989. Entre estes podemos citar a Xavier Carro, que en *Grial*<sup>5</sup> considerábaa como a «súa primeira obra narrativa»; a Dolores Vilavedra que tamén a cita en *Dorna*<sup>6</sup> como: «a súa primeira novela», considerando a continuación que «O certo é que, independentemente das razóns que motivaran esta incursión alén dos lindeiros da poesía, hai que darlle a benvida a un novo autor ó eido da narrativa»; a Sonsoles López Pérez que en *A Trabe de Ouro*<sup>7</sup> se refire a ela como «esta primeira novela de Darío Xohán Cabana» ou a Silvia Gaspar que en *La Voz de Galicia*<sup>8</sup> tamén a considera como «a primeira [novela] do autor lucense».

Aqueles que indican como antecedente de aquela o relato breve *Noticias dunha aldea*<sup>9</sup>. Neste segundo grupo inclúense X[esús] G[onzález] G[ómez] quen en *A Nosa Terra*<sup>10</sup>, considera *Galván en Saor* como a «segunda obra narrativa, lembremos que os primeiros relatos... viron lume sob o título de *Noticias dunha aldea*»; ou Anxo Tarrío Varela quen, no seu libro *Literatura Galega. Aportacións a unha Historia crítica*<sup>11</sup>, recolle que «dende entón [1973] e ata 1989 non volveu aparecer na nómina dos narradores».

A perspectiva ofrecida por ambos grupos é a de que *Galván en Saor* é o resultado dunha primeira (cun afastado precedente) e moi afortunada aventura narrativa dun poeta recoñecido, co cal os antecedentes desta obra estarían na súa poesía ou na obra/s doutros autores. Se ben isto último é un feito innegable e insistiremos nel máis adiante, o que xa non o é tanto é que *Galván en Saor* sexa un primeiro e exitoso produto narrativo.

Nos dezaseis anos que median entre a publicación de *Noticias dunha aldea* e a de *Galván en Saor*, Darío Xohán Cabana realizou e, o que é máis importante, publicou dúas experiencias narrativas que, como intentaremos demostrar, xa anticipan moitas das características que atoparemos na súa produción posterior, o cal demostra, na nosa opinión, que Darío Xohán Cabana xa atopara a súa liña narrativa moito antes de gañar o Premio Xerais na súa edición de 1989.

Trátase de dous relatos curtos de diferente fasquía; o primeiro deles titúlase «A invasión» e obtivo un accésit no VIII Concurso de Narrativa Curta Modesto Rodríguez Figueiredo do Patronato do Pedrón de Ouro fallado no Nadal de 1982. Foi publicado ó ano seguinte nun volume editado por Edicións do Castro que recollía o relato gañador daquel certame, «O Quiquiriquí», de Miguel Suárez Abel, e os tres accésit premiados no mesmo, «De 10 a 11», asinado por X. Miguel de Toro Santos (máis coñecido posteriormente como Suso de Toro), «A invasión», de Darío Xohán Cabana, e «Rematado a man», de Margarita Ledo Andiñón. O segundo relato titulado «Como Lugrís aprendeu a pintar sereas», apareceu publicado no ano 1988 polo

5. Xavier Carro, «Benvido, señor Galván», *Grial*, 106, 1990, pp. 240-242.

6. Dolores Vilavedra, «A pluralidade semántica de Galván en Saor», *Dorna*, 16, 1990, pp. 83-84.

7. Sonsoles López Pérez, «Darío Xohán Cabana: *Galván en Saor*», *A Trabe de Ouro*, 2, 1990, pp. 307-308.

8. Silvia Gaspar, «*Galván en Saor*, andainas galegas dun ben logrado protagonista artúrico», *La Voz de Galicia*, 7-1-1990, p. 17.

9. Vigo: Castrelos, col. O Moucho, 30, 1973.

10. Xesús González Gómez, «Unha tradición viva?», *A Nosa Terra*, 415, 11-1-1990, p. 17.

11. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994, p. 459.

Clube Cultural Adiante de Vigo noutro volume colectivo *Sede Central Relatos*, no que, ademais do noso autor, colaboraron Manuel Guede, Koldo Irazaguirre, Juan Madrid, Xosé Luís Méndez Ferrín, Antoni Seara, Suso de Toro e J. Viale Moutinho.

É realmente curioso que ningún dos dous relatos resultase coñecido para os críticos xa que en ningún dos dous casos se tratou de publicacións que puidesen pasar desapercibidas para o público lector galego. O Concurso de Narrativa Curta Modesto Rodríguez Figueiredo é ben coñecido por ter aberto o camiño a moitos dos novos valores da nosa narrativa<sup>12</sup>. Neste caso, Darío Xohán Cabana non tería seguido un camiño moi diferente do de Miguel Suárez Abel (Premio Blanco Amor de Narrativa do ano 1988 e finalista do Premio Xerais en 1991), Suso de Toro (Premio Galicia 1983 da Universidade de Santiago de Compostela), ou da súa compañeira de xeración poética Margarita Ledo Andión, que publica neste mesmo ano 1983 un libro de relatos e dúas novelas nos anos 1985 e 1990. Son autores todos eles que obteñen os seus primeiros éxitos e o recoñecemento da crítica a finais da década dos 80 e nos primeiros anos da seguinte.

Por outra banda, o volume *Sede Central Relatos* foi o primeiro dunha iniciativa anual promovida pola Confederación Xeral dos Traballadores Galegos-Intersindical Nacional e o Clube Cultural Adiante, co mesmo carácter que outras mesmas que, por estes anos, intentaban diversificar a oferta do libro galego e promocionalo desde diferentes vías. Así, no prólogo do mesmo libro, Fernando Acuña, daquela secretario xeral da CXTG-IN, indica:

Este libro nace no seno do Clube Cultural adiante e trátase da primeira obra literaria por él promovida. O Clube nace co obxectivo de intervir no debate cultural galego, renovando a práctica intelectual e artística de Galicia e cunha clara vocación de coincidencia co interese da nosa clase traballadora, polo mesmo, dende a esquerda e coa perspectiva da liberación nacional<sup>13</sup>.

O mesmo prologuista indica que estes autores son «oito coñecidos homes de letras, galegos e non galegos». Efectivamente, tanto Darío Xohán Cabana, Manuel Guede, Xosé Luís Méndez Ferrín, Suso de Toro e J. Viale Moutinho -entre os galegos-, coma Koldo Irazaguirre, Juan Madrid e Antoni Seara -entre os non galegos- (os seus relatos foron traducidos ó galego desde o éuscaro, castelán e catalán, respectivamente) xa lograran no momento da publicación deste libro -1988- un certo recoñecemento nas súas respectivas literaturas.

Pasemos agora a analizar estes dous relatos.

---

12. *Ibidem*, p. 422.

13. Esta iniciativa tería a súa continuación, primeiramente, nun volume aparecido dous anos máis tarde e titulado *Sede Central Relatos* (2). Nesta ocasión a nómina de colaboradores incluía os nomes de: Luís Agüero, Xosé Cid Cabido, Margarita Ledo Andión, Paco Martín, Xosé M. Martínez Oca, José M<sup>a</sup> Merino e Manuel de Padrolo. Xa en 1991 aparecía *Sede Central Relatos* (3) onde esta vez colaboraron Alfonso Alvarez Cáccamo, Mikel Antza, Celia Durán, Camilo Gonsar, José Manuel Mendes, María Antònia Oliva, Antonio Rodríguez Baixeras e Manuel Vázquez Montalbán, aparecendo aquí como traductor dalgúns textos o propio Darío Xohán Cabana.

«A invasión» (1982/1983)

Este relato ofrece unha serie de características que iremos enumerando e que están directamente inspiradas na obra ferriniana, máis concretamente na colección de relatos *Amor de Artur e novos relatos con Tagen Ata ao lonxe*, que apareceu publicada ese mesmo ano 1982<sup>14</sup>. Por outra parte e como intentaremos demostrar, non será a última vez que Darío Xohán Cabana continúe camiños xa percorridos por Xosé Luís Méndez Ferrín.

O relato ten unha extensión moi breve (na edición ocupa desde a páxina 61 á 74), extensión semellante á dos relatos incluídos en *Amor de Artur* ou *Percival e outras historias*<sup>15</sup>, e que Darío Xohán Cabana tamén cultivará posteriormente por exemplo en *Vidas senlleiras*<sup>16</sup>.

O relato está estruturado mediante unha técnica epistolar a través da cal un narrador en primeira persoa se dirixe a un determinado receptor (do que falaremos máis adiante). Esta técnica, xa ensaiada por Méndez Ferrín en *Percival*, é retomada ocasionalmente por Darío Xohán Cabana nos relatos curtos como «Rubén Cruzoi» (incluído en *Vidas senlleiras*) ou «Noticias de algures»<sup>17</sup>.

A mesma identidade do receptor do relato descobre un xogo literario que para nós supón a clave para situalo nunha liña ferriniana. O relato comeza así:

Aquel home malvado que coñeceche en Pontevedra, que odia as bolboretas e só é feliz cando ve a discordia, vino eu tamén en Bon a'Val.

A este «ti» (á persoa que coñeceu ó «home malvado») é ó que se dirixe o relato. Pois ben, no relato «Fría Hortensia» incluído en *Amor de Artur*<sup>18</sup>, di a personaxe do mesmo nome:

Hai homes que odian as bolboretas e que só son felices cando ven a discordia. Son os homes máis malvados. Eu coñecín un en Pontevedra pior que calquera.

Parece ser a intención do narrador facer de Fría Hortensia a receptora do seu relato, o cal concorda moi ben coa oposición que se establece en «Fría Hortensia» entre Tagen Ata -o máxico, o telúrico- e a Nosa Terra -a realidade, o comprobable-, que é a mesma que se perfila en «A invasión» entre o mundo do narrador -Emaín Blanché- e o do receptor -o mundo da realidade. En ámbolos dous relatos Fría Hortensia móvese no mesmo espacio simbólico.

---

14. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1982.

15. Vigo: Galaxia, 1958. 2ª ed. de 1976. 3ª ed. de 1983.

16. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1992, 2ª ed., *idem* 1994.

17. Incluído en AA. VV., *At está o conto*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993.

18. Na p. 128 da 1ª ed. Hai unha 2ª ed. do ano 1987 que inclúe só dous dos relatos da 1ª: «Amor de Artur» e «Fría Hortensia».

O aproveitamento de personaxes ou asuntos ferrinianos tamén volverá ser ensaiado por D. X. Cabana. Así, o Pote de Gradel (un caldeiro máxico que resucita a quen é botado no seu interior) que aparece en «Fría Hortensia» retomarao en *Galván en Saor* e en «O caldeiro»<sup>19</sup>, a personaxe do castrón Mestre Lionel que aparece en *Arnoia, Arnoia*<sup>20</sup>, reaparece en *O castrón de ouro*<sup>21</sup> cumprindo as mesmas funcións de compañeiro e conselleiro do protagonista que tiña na súa primeira formulación.

A caracterización do espazo é tipicamente ferriniana: este mundo do narrador é un mundo agochado cal illa de Avalón, chámase Emaín Blanch, a súa capital é Bon a'Val, con rúas que se chaman Hom-Sant, Bilar ou Farrankor. Como vemos, a técnica é modificar nomes verdadeiros (Bonaval > Bon a'Val, Home Santo > Hom-Sant, Franco > Farrankor) convertendo o resultado nunha imitación ou reflexo do orixinal. Mesmo se utilizan nomes de obras ferrinianas: Tagen Ata<sup>22</sup>, que Méndez Ferrín emprega por vez primeira en *Retorno a Tagen Ata*<sup>23</sup>, ou Lam-ko, que aparece en «Calidade e dureza»<sup>24</sup>.

A temática é igualmente ferriniana: o relato describe un mundo ideal, idilicamente libre que é atacado e sometido por malignas forzas violentas. Unha temática que Ferrín cultiva, por exemplo en *Arnoia, Arnoia*. Hai, incluso, na caracterización destas forzas do mal elementos entomolóxicos tamén debedores do Ferrín de *Percival*. Nesta temática volverá incidir D.X. Cabana en *Cándido Branco e o Cabaleiro Negro*<sup>25</sup>.

O uso da materia de Bretaña: no relato aparecen o rei Artur, Avalón, Galván, Lancelot, Percival, Galaz ou Mordrez representando as forzas do ben. O uso desta materia que será unha constante en toda a obra ferriniana (abonda só con citar as aparicións e desaparicións de Percival ó longo da súa obra), tamén é do gusto de D. X. Cabana, tanto na súa poesía (por exemplo, en *Amor e tempo liso*<sup>26</sup>, hai unha composición dedicada á raíña Xenebra, e en *Patria do mar*<sup>27</sup> outra a Galván), coma na súa prosa, sendo o exemplo máis claro *Galván en Saor*.

«Como Lugrís aprendeu a pintar sereas» (1988)

Este é un relato dunha fasquía completamente diferente á do anterior e inaugura unha liña narrativa que o autor non ten deixado de cultivar ata o momento.

Atopámonos fronte a un relato aínda máis breve có anterior (ocupa desde a páxina 15 á 19 da súa edición). A súa estrutura actancial tamén difire: neste relato un narrador cede a voz a un personaxe do relato -Urbano Lugrís<sup>28</sup>- que toma a palabra

---

19. Incluído en *Cerco de ferro*, Vigo: Nigra, col. Relatos dunha hora, 1994.

20. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1985.

21. Madrid: S. M., 1994.

22. Nun precioso artigo de Darío Xohán Cabana titulado «O bestilleiro de Tagen Ata», incluído na sección «O Caixón» que este autor mantivo na efémera publicación *Tempo Galego. Revista Semanal de Galicia*, incluído no nº 0 da dita revista, xa o lugués reivindicaba a existencia de Tagen Ata.

23. Vigo: Castrelos, 1971. 2ª ed., Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1987.

24. Incluído en *Amor de Artur*.

25. Vigo: Galaxia, 1992.

26. Santiago de Compostela: Concello de Santiago, 1987.

27. Vigo: Ir Indo, 1989.

28. Trasunto do pintor galego do mesmo nome.

para narrarlles ós seus compañeiros de taberna -Antón Patiño, Lodeiro- unha historia na que el toma parte xunto ó Capitán Nemo e unhas amables sereas nunha historia de aventuras mariñas<sup>29</sup>. O escenario onde este personaxe empeza o seu relato -a taberna do Elixio- é unha famosa taberna de Vigo, histórica por ter sido lugar de reunión de artistas e escritores galegos como A. Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro ou E. Blanco-Amor. Así, este relato que presenta unha combinación moi cunqueiriana entre realidade e ficción ó facer convivir ó mesmo nivel ó pintor Urbano Lugrís<sup>30</sup> co Capitán Nemo e coas sereas, inaugura unha estratexia narrativa que D. X. Cabana continuará en grande parte da súa obra narrativa: *O libro dos moradores, Fortunato de Trasmundi*, «Conversa en Lugo» ou «Noticias de algues»<sup>31</sup> ofrecen esta mesma harmónica combinación de literatura e realidade.

## Conclusións

Quixemos determinar mediante unha breve análise destes dous relatos inaugurais de Darío Xohán Cabana cómo bastante antes do que a crítica supón este autor xa tiña perfiladas en grande medida as estratexias narrativas que constitúen o seu *corpus* narrativo.

«A invasión» anticiparía o narrador de *Galván en Saor, Cándido Branco e o Cabaleiro Negro, Cerco de ferro* ou *O Castrón de Ouro*.

«Como Lugrís aprendeu a pintar sereas» descobre ó narrador de *O libro dos moradores, Fortunato de Trasmundi* ou *As aventuras de Breogán Folgueira*<sup>32</sup>.

Por suposto que na obra narrativa hai moitos máis elementos dos que aquí expuxemos e que requirirían unha análise moito máis demorada de cada unha das súas narracións. Esperemos ter unha ocasión para realizala.

M<sup>a</sup> Teresa Araújo García  
C.I.L.L. «Ramón Piñeiro»  
Santiago de Compostela

---

29. No libro *Patria do mar* inclúese un poema titulado «Lugrís na taberna do Elixio» que é a poetización deste relato. Mesmo a historia que as sereas lle contan ó Urbano Lugrís aparece nos poemas contidos en *VIII Fragmentos*, (Ourense: Concello de Ourense, 1987) un libro de Darío Xohán Cabana que foi Premio Cidade de Ourense de poesía na edición de 1986.

30. A aparición como personaxes destes tres pintores galegos -Urbano Lugrís (1906-1973), Antón Patiño (1957) e Xosé Lodeiro Fernández (1932)- é, desde o noso punto de vista, moi acertada xa que os tres, na súa obra pictórica, teñen empregado o mar como elemento artístico. Concretamente, no caso de Urbano Lugrís, abonda con citar as súas ilustracións para a revista coruñesa *Atlántida* (1954), na que ilustra poemas referidos ás sereas ou ó Capitán Nemo, temas que aparecen neste relato.

31. *O libro dos moradores*, Vigo: Ir Indo, 1989. *Fortunato de Trasmundi*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1990. «Conversa en Lugo», incluído en *Cantos da Xustiza*, Vigo: Ir Indo, 1991.

32. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1990.